

EMENDA QUE PRESENTA O GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA Á PROPOSTA DE ACORDO DO PUNTO SEGUNDO DA ORDE DO DÍA

De acordo e ó abeiro do previsto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por Real Decreto 2568/1986 do 28 de novembro (BOE do 22 de decembro), o Grupo Municipal Socialista do Concello de Chantada desexa someter á consideración do Pleno Municipal a seguinte **EMENDA Á PROPOSTA DE ACORDO DO PUNTO SEGUNDO DA ORDE DO DÍA**.

1. Modificar o punto Primeiro, que queda redactado como segue:

O Pleno do Concello de Chantada insta ó goberno local a solicitar ao Ministerio de Presidencia, Relacións coas Cortes e Memoria Democrática toda a información relativa ás inmatriculacións realizadas pola Igrexa Católica no termo municipal de Chantada desde a reforma do Regulamento Hipotecario de 1998 ata a actualidade e poñela á súa vez a disposición dos Grupos Municipais e persoas interesadas.

2. Modificar o punto Segundo, que queda redactado como segue:

O Concello de Chantada impulsará a recuperación do patrimonio que así se acredite como bens de titularidade pública a través das vías que correspondan en dereito. Asimesmo colaborará coas asociacións veciñais nos trámites administrativos precisos para reclamar os bens ilexítimamente inmatriculados da súa propiedade.

3. Modificar o punto Quinto, que queda redactado como segue:

O Concello de Chantada insta ó Goberno de España a:

- a) Adoptar as medidas precisas para habilitar un procedemento administrativo que posibilite a recuperación dos bens ilexítimamente inmatriculados pola Igrexa Católica.*
- b) Promover a reforma da Lei Reguladora das Facendas Locais, texto refundido aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, para retirar a exención de pago do Imposto de Bens Inmóveis daqueles bens propiedade da Igrexa Católica e demais confesións con uso distinto ó relixioso.*

Chantada, 5 de abril de 2021,

Asdo. Raquel López Rodríguez
Portavoz do Grupo Municipal Socialista
Concello de Chantada